

**NUM-CONSULTA:** V0003-14

**ÓRGANO:** SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

**DATA DE SAIDA:** 07/05/2014

**NORMATIVA:**

1. Artigo 3.Un, artigo 7.Tres e artigo 23.Uno Artigo 23.Uno do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo.

**DESCRICIÓN-FEITOS**

O consultante e a súa esposa desexan transmitir a súa filla discapacitada, co 65% de minusvalía, a título gratuito unha cota indivisa en núa propiedade con reserva do dereito de usufruto da que constitúe a súa vivenda habitual.

Dita transmisión realizarase como aportación ao patrimonio protexido constituído por eles mesmos a favor da súa filla e, no exceso, como pacto de mellora.

**CUESTIÓN FORMULADA**

Interesa coñecer se o exceso sobre os 24.250 euros anuais por aportación conxunta ao patrimonio protexido da persoa discapacitada está suxeito á Lei do imposto sobre sucesións e doazóns e se, ademais, é aplicable a redución por adquisición da vivenda habitual dos cedentes.

**CONTESTACIÓN COMPLETA**

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 307/2009, de 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, este centro directivo informa o seguinte:

## **Normativa:**

Artigo 7.Tres do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo, (en diante TRTCG) que dispón que:

*1. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estivese incluído o valor da vivenda habitual do causante, e a adquisición corresponda aos seus descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, practicarase unha redución cun límite de 600.000 euros aplicando a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:*

<i>Valor real do inmovible</i>	<i>Porcentaxe de redución</i>
<i>Ata 150.000,00 euros</i>	<i>99%</i>
<i>De 150.000,01 a 300.000,00 euros</i>	<i>97%</i>
<i>Máis de 300.000,00</i>	<i>95%</i>

*Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100% do valor na base imponible cun límite de 600.000 euros.*

*No caso do parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.*

*2. As persoas adquirentes deberán manter a vivenda adquirida durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a vivenda en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.*

*No caso de que se produza a venda da vivenda durante o indicado prazo e a totalidade do seu importe se reinvesta na adquisición dunha vivenda situada en Galicia que constituía ou vaia constituír a vivenda habitual da persoa adquirente, non se perderá a redución solicitada.*

*3. Cando un mesmo transmitente produza a transmisión de varias vivendas habituais nun ou en varios actos, por causa de morte ou por pactos sucesorios, unicamente se poderá practicar a redución por unha soa vivenda habitual.*

Artigo 3.Un do TRTCG (*Conceptos xerais*):

*Un. Vivenda habitual.*

*Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas.*

Artigo 23.Uno do TRTCG (*Beneficios fiscais non aplicables de oficio*):

*Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.*

*No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.*

*No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.*

*A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.*

*Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devengo do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación farase dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.*

**Resposta:**

O artigo 3 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, establece que:

*1. Constitúe o feito imponible: a) A adquisición de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio. b) A adquisición de bens e dereitos por doazón ou calquera outro negocio xurídico a título gratuito, inter vivos. c) A percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguros sobre a vida, cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario, salvo os supostos expresamente regulados no artigo 16.2 a) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

Pola súa parte, o artigo 4 do Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real Decreto 1629/1991, de 8 novembro, que dispón que: *En ningún caso un mesmo incremento de patrimonio poderá quedar gravado polo imposto sobre sucesións e doazóns e polo imposto sobre a renda das persoas físicas.*

E segundo o artigo 11 do citado regulamento *entre outros, son títulos sucesorios aos efectos deste imposto, ademais da herdanza e o legado, os seguintes:*

*a) La doazón «mortis causa».*

*b) Os contratos ou pactos sucesorios.*

*(...)*

En relación coa cualificación e límites das aportacións realizadas a patrimonios protexidos de persoas con discapacidade, así como en relación ao réxime tributario aplicable ás cantidades que se entregan en concepto de pacto de mellora regulado nos artigos 214 e 218 da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia e ao concepto de vivenda habitual, e conforme ao disposto no artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidade Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, este centro directivo só é competente para contestar consultas tributarias que se refiran á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma en exercicio das súas competencias normativas. Dado que a consulta formulada require a interpretación da normativa estatal, este centro directivo non é competente para a súa contestación, debendo dirixirse a mesma á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Non obstante o anterior, ademais do dereito realizar consultas vinculantes, a normativa tributaria prevé a posibilidade de realizar solicitudes de información, que terán os efectos previstos no artigo 179.2.d) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria. Na contestación ás solicitudes de información tributaria, a Administración comunicará os criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria, sen que dita contestación poda ser obxecto de recurso. En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 34 e 85 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e 63 e 64 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado por Real decreto 1065/2007, de 27 xullo, ponse no seu coñecemento a existencia de consultas vinculantes evacuadas pola Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en relación coa materia consultada que poderían ser trasladadas ao presente suposto:

- A adquisición de bens mediante un pacto de mellora deberá tributar polo concepto regulado na letra a) do artigo 3.1 da Lei do imposto, xa que supón a adquisición de bens e dereitos por un título sucesorio (DGT V2404-06, V0138-07, V1731-08, V1940-09 ou V1926-13).

- O pacto de mellora constitúe unha adquisición *mortis causa*. En consecuencia, na liquidación do imposto, serán aplicables todos os beneficios fiscais regulados na normativa do imposto para dito tipo de adquisicións. (DGT V1940-09).
- Dado que o pacto de mellora ten a natureza xurídica de negocio xurídico *mortis causa*, seranlle aplicables os beneficios fiscais regulados na normativa do imposto para dito tipo de adquisicións e, entre eles, o previsto no artigo 20.2.c) LISD para a vivenda habitual (DGT V1731-08).
- Considérase vivenda habitual, a efectos do IRPF, toda edificación acondicionada ou susceptible de acondicionarse como vivenda aínda cando non cumpra coa normativa urbanística ou se sitúe en solo que non dispoña da cualificación requirida para edificar, con independencia da cualificación que puidera ter no rexistro da propiedade, sempre que reúna los requisitos de titularidade, residencia efectiva e permanencia por parte do contribuínte (DGT V 24/04/08 ou V 28/05/08).

Polo tanto, se a vivenda ten o carácter de habitual, poderá aplicarse la redución prevista no artigo 7.Tres do TRTCG en función do valor real do inmueble.

O que comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.